

Santalices recibe no Parlamento a unha delegación do VII Festival Internacional da Canción Popular

- **O presidente do Parlamento enxalza o folclore como expresión da cultura propia de cada territorio**

Santiago, 23 de xuño de 2018.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, recibiu este mediodía, na Cámara galega, a unha delegación de participantes no VII Festival Internacional da Canción Popular, que se celebra estes días en Ourense no marco do IGF Caravan 2018 (International Union of Folklore Associations), na que España está representada pola Agrupación Folclórica Queixume dos Pinos.

Santalices felicitou aos organizadores desde evento por traer a Galicia a grupos de diferentes países e enxalzou o folclore como expresión da cultura, da historia e da identidade de cada territorio, e tamén como ferramenta de cooperación e intercambio entre as nacións.

Durante a recepción, o presidente da Cámara foi precedido no uso da palabra polo presidente da Federación Internacional de Folclore, Dorel Cosma; e polo director da Agrupación Folclórica Queixume dos Pinos, José Antonio Viñas Mira. Na visita ao Parlamento de Galicia participaron representantes de grupos folclóricos de Israel, Italia, Bulgaria, Romanía, Francia e España.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.